

Reforza o seu modelo comercial e a súa competitividade**EROSKI AVANZA NA MODERNIZACIÓN DA SÚA REDE
FRANQUICIADA CUN INVESTIMENTO DE 3 MILLÓNS DE EUROS
EN DOUS ANOS**

- **A cooperativa renovou 55 tendas para mellorar a eficiencia enerxética e optimizar a experiencia de compra, ademais de incorporar novidades do modelo comercial.**
- **O investimento, realizado xunto cos seus franquiciados, estendeuse a establecementos das marcas de EROSKI e Caprabo**
- **O plan continuará en 2026 coa remodelación prevista de entre 20 e 25 tendas adicionais.**

Elorrio, 15 de abril de 2026.- [EROSKI](#) e a súa rede de franquiciados investiron 3 millóns de euros nos últimos dous anos na modernización de 55 establecementos no marco da súa estratexia de evolución do modelo comercial. Este investimento conxunto responde ao obxectivo de seguir avanzando nun formato de tenda máis eficiente, próximo e adaptado ás novas necesidades das persoas consumidoras, ao tempo que reforza a competitividade da rede franquiciada nos distintos territorios nos que opera.

As transformacións que realizaron tiveron como principal obxectivo adaptar as tendas ao modelo de autoservizo EROSKI City, eixe do desenvolvemento da rede franquiciada da cooperativa. Este proceso estendeuse a establecementos das distintas marcas do grupo (EROSKI e Caprabo), reforzando a competitividade xeral da rede e aliñándoa cos estándares do modelo comercial máis recente da empresa.

Para iso, as melloras que realizaron incluíron unha actualización completa dos espazos comerciais, coa renovación da imaxe das tendas, mellora da comunicación no punto de venda e incorporación de novos elementos do modelo comercial, como a bolaría a granel. Ademais, moitos establecementos renovaron o mobiliario da sala de vendas, os murais de frío e os chans, favorecendo unha mellor organización do espazo e unha experiencia de compra máis cómoda.

Este modelo responde a un concepto de tenda de proximidade, orientado a ofrecer unha compra áxil e completa, con especial protagonismo dos produtos frescos, a marca propia e unha gama adaptada á contorna.

**EROSKI: Dirección de comunicación
corporativa**

Patricia Martín Sanchidrián

Tel: 946 211 214 comunicacion@eroski.es

INCÓGNITO: Axencia de prensa

Silvia Peralta

Tel: 917 379 950

Ademais, durante este proceso, dúas tendas evolucionaron especificamente desde o modelo Aliprox ao modelo EROSKI City, consolidando así a implementación do formato máis actual da empresa na súa rede franquiciada.

Eficiencia enerxética e continuidade do plan de modernización

A mellora da eficiencia enerxética foi outro dos eixes relevantes deste proceso de renovación. As tendas incorporaron sistemas de iluminación LED, que permiten reducir o consumo eléctrico e avanzar na diminución das emisións asociadas á actividade.

Ademais, renováronse os equipos das salas de máquinas, incorporando solucións máis eficientes e adaptadas á normativa vixente en materia de gases fluorados, contribuíndo a unha xestión máis sostible dos establecementos.

*«Este investimento reflicte o noso compromiso conxunto cos nosos franquiciados por seguir evolucionando o noso modelo de tenda e ofrecer unha proposta cada vez máis adaptada ás necesidades da clientela. A modernización da rede e a mellora continua dos establecementos son clave para seguir reforzando a competitividade do noso modelo de franquía», salienta **Alberto Cañas, director de Franquías de EROSKI.***

EROSKI ten previsto continuar esta liña de traballo en 2026, coa remodelación de entre 20 e 25 tendas adicionais, avanzando así na implementación do modelo EROSKI City na súa rede franquiciada.

Acerca de EROSKI

EROSKI é un dos grupos de distribución líderes no norte do mercado español (desde Galicia ata Baleares) cunha cota de mercado do 12,7 % nesa zona. É líder no País Vasco, Navarra e Galicia, e colíder nas Illas Baleares. A súa rede comercial, a finais do 2024, suma 1.502 establecementos, entre supermercados, hipermercados, cash & carry e supermercados en liña, ademais de gasolineras, tendas de deportes e outros negocios non alimentarios. Ademais, conta con máis de 6,4 millóns de socios clientes e máis de 27 600 persoas no seu cadro de persoal, das cales case 9.000 son socias propietarias.

**EROSKI: Dirección de comunicación
corporativa**

Patricia Martín Sanchidrián

Tel: 946 211 214 comunicacion@eroski.es

INCÓGNITO: Axencia de prensa

Silvia Peralta

Tel: 917 379 950